

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

É pequena e vermella, os chanzos da escaleira da entrada son estreitos de máis, e as fiestras tan pequenas que mesmo parece que estean a conter a respiración. Hai sitios onde se ven os ladrillos, e a porta da entrada deu tanto de si que hai que puxar con forza para pasar. Non temos xardín na parte de diante, só catro olmos pequeniños que plantou o concello na beirarrúa. Na parte de atrás hai un garaxe para o coche que aínda non temos e un terreo pequeno que aínda semella máis pequeno polos dous edificios que ten aos lados. O que si hai na casa son escaleiras, pero son as escaleiras correntes do vestíbulo, e só temos un cuarto de baño. Todo o mundo ten que compartir cuarto: mamá con papá, Carlos con Kiki e eu con Nenny.

Unha vez cando viviamos en Loomis, pasou ao meu carón unha das monxas do meu colexio e viume xogando na rúa. A lavandaría que había debaixo da casa tiña táboas nas fiestras porque roubaron había dous días, e o dono pintara na madeira: SI, ESTÁ ABERTO, para non perder clientes.

Onde vives, preguntou?

Aí, dixen sinalando o terceiro andar.

Vives aí?

Aí. Tiven que mirar para onde ela sinalaba: o terceiro andar, a pintura desprendida, os listóns de madeira que papá cravara nas xanelas para que non caésemos. Vives aí? Díxoo dun xeito que me fixo sentir como se non valesse nada. Aí. Vivía aí. Asentín coa cabeza.

Nese momento deime conta de que tiña que ter unha casa, unha casa de verdade, que puidese sinalar. Pero esta non o é. A casa de Mango Street non o é. E só de momento, di mamá. Só unha tempada, di papá. Pero eu xa sei como son estas cousas.

Sandra Cisneros, *A casa de Mango Street* (trad. Alicia Meléndez Sousa, 2008)

1. Que entende a narradora do texto por *unha casa de verdade que puidese sinalar*? Xustifica a resposta con referencias tomadas do propio texto. [1 punto]
2. Explica con que intención se emprega a cursiva na pregunta “vives aí?”. [1 punto]
3. Redacta un texto no que expoñas as consecuencias que ten para unha persoa nova a dificultade de acceder a unha vivenda digna. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Segmenta morfoloxicamente as seguintes formas e identifica o valor de cada morfema: *pequeniños* (líña 4), *beirarrúa* (líña 4), *lavandaría* (líña 9) e *tempada* (líña 18). [1 punto]
5. Procura no texto dez termos que pertencen ao campo semántico da construción e o urbanismo [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
 - b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A poesía das vangardas. Características, autores e obras representativas.
 - b) O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN B

5 **A carón desa enorme superficie** álzase a cheminea da central térmica. Non é esta obviamente **un prodixio** para Galicia pois trátase dun dos aparellos industriais máis contaminantes de Europa que mesmo chegou a custar a vida a varias persoas polos seus letais efectos na atmosfera. Pero si é un eminente traballo de enxeñería. Mide 33 centímetros máis que a propia Torre Eiffel, e o lendario Empire State Building de Nova York é apenas uns metros máis alto ca ela. Álzase 257 metros sobre o solo e pesa 88.200 toneladas, polo que é unha das chemineas máis altas de Europa e no momento da súa construción en 1973 foi a maior de España.

10 A cheminea está construída a base de formigón e no interior consta de catro condutos de aceiro illados. Ten un diámetro na base de 36,5 metros e no cume redúcese ata os 19 metros. Ademais da cheminea destacan **as catro torres de refrixeración**, enormes cilindros que emiten de forma constante **vapor de auga** (este non é contaminante) á atmosfera.

15 Entre a interminable superficie cuberta e esa increíble cheminea sobrevive unha parroquia rural, Vilavella: preserváronse un grupo de casas de pedra, agora restauradas, hórreos, un cruceiro, ata a igrexa parroquial co seu cemiterio. Un reduto centenario da Galicia decimonónica dende o que se fan aínda máis abraiantes e cuestionábeis as desproporcionadas magnitudes desta central térmica.

Henrique Alvarellos, *Galicia en cen prodixios* (2004)

1. Fai unha síntese do texto na que recollas as ideas principais que nel se expoñen. [1 punto]
2. Por que o autor afirma que a cheminea *non é un prodixio para Galicia* (líñas 1-2)? E por que afirma que desde Vilavella *se fan aínda máis abraiantes e cuestionábeis as desproporcionadas magnitudes desta central térmica* (14-15)? [1 punto]
3. Redacta un texto no que expliques, de maneira argumentada, como valorarías que na túa localidade se instalase unha industria altamente contaminante que xerese importantes beneficios económicos. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Segmenta morfoloxicamente as seguintes palabras e indica o valor de cada morfema: *contaminantes* (líña 2), *lendario* (líña 4), *illados* (líña 8) e *desproporcionadas* (líña 15). [1 punto]
5. Identifica a función sintáctica que desempeñan dentro da oración os fragmentos subliñados e en negriña. Non é necesario que analices os seus compoñentes. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
 - b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) A poesía das vangardas. Características, autores e obras representativas.
 - b) O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

5 Eu lin por vez primeira *Memorias dun neno labrego* cando cheguei a Vigo en setembro de 1973 para dar aulas no Instituto Castelao (chamado daquela do Calvario, pois aínda non propuxera mudarlle o nome). Aprendía galego nas clases de Francisco Carballo, no xermolo da Asociación de Veciños do Calvario, clandestina, como todo o que era interesante daquela. Lendo as *Memorias* de Balbino puiden saborear fermosas palabras, “mouro”, “enfarruscar”, lambonadas que nos ofrecías.

Se *Memorias dun neno labrego* é un dos libros galegos máis difundidos polo mundo adiante, se foi traducido a dezaseis linguas, se segue emocionando a lectoras e lectores de países tan distantes como China ou Alemaña, é por falarnos de cuestións universais, das inxustizas e de como afectan á infancia, das ledicias dun neno por pequenos sucesos, das súas penas nun mundo que ás veces resulta hostil.

10 As *Memorias* tiveron a afouteza de rachar coas historias bucólicas sobre a vida nas aldeas. Non son compracentes coa idea mítica dunha Galicia rural onde todo sería harmonioso, sen conflitos. Unha lucidez tanto máis singular canto, desde a distancia imposta polo exilio, pode haber unha tendencia a representar a aldea que se deixou atrás como a Arcadia feliz. Ao contrario, as *Memorias* reflicten a dureza duns tempos nos que as rapazas e rapaces andaban descalzos e sufrían frieiras. Todos ou case todos, fosen os nacidos nos anos 1920 nunha familia pobre, como Balbino, fosen os nacidos nos anos 1950 na casa dun médico, como o meu compañeiro Ramón López Facal. Balbino fainos vivir a pobreza, o frío, a dureza da vida duns rapaces pobres.

Marilar Aleixandre, “Voces termando da paisaxe galega”, discurso de ingreso na Real Academia Galega (2017)

1. Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. [1 punto]

2. Indica cal é a intención comunicativa do texto: a) expositiva, b) argumentativa ou c) irónica. Xustifica a resposta.

3. A autora fala da dureza da infancia na aldea reflectida en *Memorias dun neno labrego*. Redacta un texto no que expreses a túa opinión sobre a calidade de vida das nenas e os nenos que viven hoxe en día na aldea con respecto aos que viven na cidade. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]

4. Repara nas construcións *como todo o que era interesante daquela* (líña 4) e *de como afectan á infancia* (líña 8) [1 punto] e:

a) Explica as diferenzas sintácticas e de significado existentes entre unha e outra.

b) Sería posíbel substituír nalgún caso *como* por *coma*? Xustifica a resposta.

5. Segmenta morfoloxicamente as seguintes palabras e indica o valor de cada morfema: *difundidos* (líña 6), *inxustizas* (líña 8), *compracentes* (líña 11) e *harmonioso* (líña 11). [1 punto]

6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]

a) O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

b) O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]

a) A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).

b) A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa, teatro.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCION B

Cando chega á casa despois do curso de calceta recíbea **un Manuel rosmando porque non está a cea**. Rosma aínda máis, está claro, porque non está ela. Matilde entra pola porta coa súa bolsa enorme da que saen as agullas e unhas las de cores.

—E agora isto vai ser **un costume** ou que —funga o Manuel desde a cociña.

5 —Todos os xoves de oito a nove. Curso de calceta. Xa cho dixera. Lévame vinte minutos chegar a casa desde a asociación veciñal. Por iso son as nove e vinte e estou na casa.

—Falou o cuco do reloxo! Pois son as nove e vinte e xa teño **unha fame negra**, que para iso boto día eslombándome na obra.

10 —A cea está sen cociñar. Só me levará quince minutos. Pero preciso **outros cinco** para cambiar de roupa.

—Pois veña, Brancaneves, bulindo.

—Quererás dicir **Cinsenta**.

O Manuel queda pampo na porta da cociña.

—Como?

15 —A que cambia de roupa non é Brancaneves, é Cinsenta. Era iso, non?

—Que máis terán esas trangalladas, ponte coa cea! —acaba berrando enrabechado.

María Reimóndez, *O club da calceta* (2006)

1. Indica cal é o tema do fragmento e fai unha breve síntese (máximo 2 liñas) do seu contido. [1 punto]

2. Explica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *rosmando* (liña 1), *cuco* (liña 7), *eslombándome* (liña 8), *bulindo* (liña 11) e *pampo* (liña 13). [1 punto]

3. No texto móstrase un conflito entre unha parella orixinado polo reparto de roles e as actividades da muller fóra da casa. Redacta un texto no que expliques en que medida cres que o texto reflicte unha situación real e, en caso afirmativo, que solucións se deberan adoptar para corrixila. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]

4. Indica se as seguintes palabras son simples, derivadas ou compostas. Xustifica a resposta explicando no seu caso a derivación ou composición que aprecies: *calceta* (liña 1), *asociación* (liña 6), *eslombándome* (liña 8), *Brancaneves* (liña 11) e *trangalladas* (liña 16). [1 punto]

5. Indica a función sintáctica na oración das frases que se resaltan no texto. [1 punto]

6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle **só unha**; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]

a) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

b) O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle **só unha**; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]

a) A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).

b) O teatro galego entre 1936 e 1975: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.

ABAU
CONVOCATORIA DE XUÑO
Ano 2018
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LINGUA E LITERATURA GALEGA II
(Cód. 02)

OPCIÓN A:

Pregunta 1: un punto

Valórase que o alumnado identifique na expresión o significado de 'unha casa pola que non sentir vergoña debido ás súas condicións'. Outorgaranse 0.5 puntos pola identificación e 0.5 pola xustificación con elementos do texto.

Pregunta 2: 1 punto

Valórase que o alumnado explique o valor eufemístico e negativo da cursiva. Outorgaranse 0.5 por cada matiz.

Pregunta 3: 3 puntos

Valórase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos desagregaranse en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a "orixinalidade" gratuita. 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1.c) A organización da información: estruturación do texto (e.g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

No caso de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta. Non se considerarán os textos (ou partes deles) que carezan da necesaria pertinencia con relación ao tema proposto.

Pregunta 4: 1 punto

Outorgaranse 0.25 puntos por cada forma ben analizada, desagregados do seguinte xeito: 0.15 pola segmentación e 0.10 pola identificación dos morfemas.

Pregunta 5: 1 punto

Outorgaranse 0.10 puntos por cada termo.

Pregunta 6: 1 punto

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas. A pesar de que se trate dunha

pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non unha reprodución puramente memorística.

Pregunta 7: 2 puntos

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non unha reprodución puramente memorística.

OPCIÓN B

Pregunta 1: un punto

Valórase que o alumnado redacte un resumo no que recolla as ideas principais do texto.

Pregunta 2: un punto

Valórase que o alumnado explique coas súas palabras: a) a valoración negativa da cheminea, malia se tratar dun notorio traballo de enxeñería, polo seu carácter contaminante (0.5 puntos); b) o impacto ambiental que causa a cheminea por estar situada preto dun núcleo de vivendas tradicionais (0.5 puntos).

Pregunta 3: 3 puntos

Aplicaranse os criterios expostos na mesma pregunta da opción A.

Pregunta 4: 1 punto

Outorgaranse 0.25 puntos por cada forma ben analizada, desagregados do seguinte xeito: 0.15 pola segmentación e 0.10 pola identificación dos morfemas.

Pregunta 5: 1 punto

Outorgaranse 0.25 puntos por cada función sintáctica correctamente identificada.

Pregunta 6: 1 punto

Vid. opción A

Pregunta 7: 1 punto

Vid. opción A

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións A e B)

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un **máximo de 2 puntos por erros**. Estes poderán ser:

—*Moi graves*: Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0'2 puntos c/u.

—*Graves*: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y*), acentuación diacrítica... Desconto 0'1 c/u.

—*Leves*: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0'05 puntos c/u.

Estas penalizacións **non se aplicarán sobre a pregunta 3**, pois xa van incluídas na propia valoración da pregunta.

ABAU
CONVOCATORIA DE SETEMBRO
Ano 2018
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LINGUA E LITERATURA GALEGA II
(Cód. 02)

OPCIÓN A:

Pregunta 1: un punto

Valórase que o alumnado elabore un esquema no que se reflecta a xerarquía de ideas. Non se aceptará como válido un resumo.

Pregunta 2: 1 punto

Valórase que o alumnado identifique a intencionalidade argumentativa do texto. Outorgaranse 0.5 pola identificación e 0.5 polas posíbeis xustificacións (p. ex., remitir ao terceiro parágrafo).

Pregunta 3: 3 puntos

Valórase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos desagregaranse en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a "orixinalidade" gratuita. 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1.c) A organización da información: estruturación do texto (e.g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

No caso de textos cunha extensión manifestamente menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta. Non se considerarán os textos (ou partes deles) que carezan da necesaria pertinencia con relación ao tema proposto.

Pregunta 4: 1 punto

Outorgaranse 0.25 puntos pola identificación das diferenzas sintácticas (comparativa vs. interrogativa), 0.25 polas de significado (comparación vs. pregunta); 0.25 pola identificación da substitución de *como* por *coma* na construción a); e 0.25 pola súa xustificación.

Pregunta 5: 1 punto

Outorgaranse 0.15 puntos por cada palabra correctamente segmentada e 0.10 pola correcta identificación de morfemas en cada forma:

difund-i-d-o-s (lexema, vogal temática, morfema de modo/tempo, morfema de xénero, morfema de número); *inxustiza-s* (prefixo, lexema, morfema de número); *com-prac-e-nte-s/com-prac-ent-e-s* ([prefixo], lexema, sufixo, vogal temática, morfema de número; darase como válido *com*: prefixo); *harmoni-os-o* (lexema, sufixo, morfema de xénero). Aceptaranse outras terminoloxías equivalentes.

Pregunta 6: 1 punto

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non unha reprodución puramente memorística.

Pregunta 7: 2 puntos

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non unha reprodución puramente memorística.

OPCIÓN B

Pregunta 1: un punto

Valórase que o alumnado identifique como tema principal o [desequilibrio no] reparto do traballo no fogar. Outorgaranse 0.50 puntos pola identificación do tema e 0.50 pola síntese.

Pregunta 2: un punto

Outorgaranse 0.2 puntos por palabra correctamente definida no seu contexto. Non se aceptarán como válidos os sinónimos.

Pregunta 3: 3 puntos

Aplicaranse os criterios expostos na mesma pregunta da opción A.

Pregunta 4: 1 punto

Outorgaranse 0.20 puntos por cada forma ben identificada e até un total de 0.20 pola correcta xustificación: *calceta*: simple; aceptarase tamén derivada de 'calza' ou de 'calcetar'; *asociación*: derivada de 'asociar'; *eslombándome*: derivada de 'lombo'; *Brancaleves*: composta de 'Branca' e 'neve'; *trangallada*: simple.

Pregunta 5: 1 punto

Outorgaranse 0.20 puntos por cada función sintáctica correctamente identificada: *un Manuel rosmando porque non está a cea*: suxeito; *un costume*: atributo; *unha fame negra*: complemento directo; *outros cinco*: complemento directo; *Cinsenta*: predicativo. Daranse por válidas terminoloxías equivalentes.

Pregunta 6: 1 punto

Vid. opción A.

Pregunta 7: 2 puntos

Vid. opción A.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións A e B)

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. Estes poderán ser:

- **Moi graves:** Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0'2 puntos c/u.
- **Graves:** Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica... Desconto 0'1 c/u.
- **Leves:** Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0'05 puntos c/u.

Estas penalizacións non se aplicarán sobre a pregunta 3, pois xa van incluídas na propia valoración da pregunta.